

Debido ao tempo que os/as nenos/as van estar sen ir ao colexio, é moi recomendable manter uns hábitos diarios, ter unhas rutinas de horario para levantarse, deitarse, seguir coa autonomía á hora de ir ao baño...Ademais eles/elas poden facer:

- Vestirse e desvestirse.
- Abrochar e desabrochar os botóns.
- Darle a volta ás mangas.
- Poñer e quitar os zapatos.
- Subir e baixar cremalleiras.
- Sonarse.

Outras actividades que poden facer nas súas casas para traballar, fundamentalmente a psicomotricidade fina, son as seguintes:

- Colocar pinzas da roupa arredor de caixas ou tapers, cordas...
- Facer boliñas de papel e collelas coas pinzas de depilar e metelas en botes.
- Enroscar e desenroscar tapóns de botellas.
- Facer puzzles.
- Recortar papeis (collendo correctamente as tesoiras) para facer posteriormente collages...
- Facer churriños con plastilina.
- Clasificar obxectos por cores, tamaños ou formas.
- Facer series coas cores, legumes, froitas...
- Rasgar papeis.
- Dobrar follas de papel pola metade xuntando esquina con esquina.
- Facer colares con macarróns.
- Envolver obxectos.
- Meter chaves nas pechaduras.
- Facer torres con vasos de plástico.

Todas estas actividades pódense facer con material que teñan na casa.

Ademais queremos sinalar que a canle de televisión CLAN pon en marcha desde o día de hoxe **EDUCLAN**, unha ferramenta educativa para as familias durante o peche preventivo aos centros educativos, onde se ofrecerán recursos educativos de calidade.

Un saúdo. As titoras de 4^o de Infantil